


Texto: **PHILIPPE NESSMANN**
 Ilustracións: **NATHALIE CHOUX**
 Tradución: **EMMA LÁZARE**

Encadernado en cartón e canutillo metálico
 112 páxinas en color. 18,5x25 cm.
 Disponible en:

- Galego: "Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches"
ISBN 978-84-935804-9-0
- Castelán: "Todas las respuestas a las preguntas que nunca te has hecho"
ISBN 978-84-96957-00-8

Prezo: 16 €

TODAS AS RESPOSTAS ás preguntas que nunca te fixeches



Un libro para saciar a curiosidade dos lectores máis inquedaos, interesados no que, como, cando, onde e porque do que nos rodea. Esta obra aborda sete grandes áreas nas que se ofrecen solucións ás preguntas máis inesperadas. Destaca pola súa presentación, a modo de caderno, e pola estrutura narrativa, de modo que ao final de cada resposta engádesse unha nova cuestión relacionada co tema tratado, ampliando os coñecementos recién adquiridos.

A orixe do semáforo, por que os días da semana se denominan así ou as boas maneiras á hora de xantar son algunhas das cuestións que se expoñen no apartado de hábitos da vida diaria. A procedencia do chocolate ou a función dos colorantes forman parte do catálogo de preguntas referidas aos alimentos. Tamén se pode aprender sobre astronomía, os nomes dos países ou datas importantes na sección de xeografía e historia.

Para que serve o código de barras, en que melloraron a nosa vida as vacinas, a cremalleira ou a pila eléctrica, son algunhas das razóns para ler o capítulo de inventos e achados. Tampouco faltan actividades tan dispaes como o xadrez, o fútbol ou o ciclismo na área sobre lecer. E ademais propón descubrir aspectos novidosos sobre os artiluxios, palabras e conceptos que nos depara a vida moderna, como o robot, o disco compacto, a arroba do enderezo electrónico ou os virus informáticos.

PHILIPPE NESSMAN (Francia, 1967)

Estudou Enxeñería e Historia da Arte. Exerceu como xornalista especializado en Ciencia e Actualidade ata o ano 2003. Actualmente dirixe unha colección na editorial xuvenil Mango.

NATHALIE CHOUX (Francia, 1967)

Estudou Artes Aplicadas en París. Traballa como ilustradora; colabora con medios de comunicación escritos e con axencias de publicidade.

- **Temática:** libro de coñecemento e divulgación, sobre curiosidades científicas
 - **Idade recomendada:** a partir de 7 anos
 - **Aspectos destacables:** ilustracións simbólicas; cada resposta complétase cunha breve información que amplía o coñecemento anterior; temáticas desenvolvidas no libro:
- | | | |
|--------------|----------------|-----------|
| Alimentación | Deportes | Ocio |
| Expresións | Historia | Xeografía |
| Innovación | Descubrimentos | Símbolos |
| Medidas | Vida cotiá | Costumes |